

Ferrol

Juan José Castro Couto será reelegido el sábado presidente de la cofradía de Dolores

La Voz

FERROL | Juan José Castro Couto será reelegido el sábado presidente de la cofradía de Dolores, al encabezar la única de las candidaturas presentadas para las elección de nueva junta directiva. «Una vez concluido el proceso de admisión de propuestas —señalaba ayer un portavoz de la hermandad—, la lista de Castro Couto, que prácticamente está integrada por los componentes de la actual directiva, es la única que opta a dirigir la cofradía, por lo que ya se puede dar por segura la reelección». Dolores cuenta actualmente con 1.800 cofrades de número de los que prácticamente la totalidad participa en sus procesiones. Los numerarios, con derecho a voto en la asamblea, son 200.

Na viaxe, encabezada polo bispo, participan case un cento de persoas, que asistirán á audiencia do Papa

A Diocese peregrina a Roma en gratitude polo Ano Santo de San Rosendo

Ramón Loureiro

FERROL | A Diocese de Mondoñedo-Ferrol volve peregrinar a Roma. Algo que non facía desde mediodos dos anos 60, cando era bispo Jacinto Argaya Goicoechea e acababa de concluir o concilio Vaticano II. «A verdade é que despois diso —lembraba onte Xosé Francisco Delgado, un dos sacerdotes que coordina esta peregrinación conxuntamente con Román Escourido—, houbo varias excursións alá, ademais de viaxes organizadas como a que se fixo á canonización de San Inocencio Canoura, e que

algunhas parroquias diocesanas —engadía— peregrinaron pola súa conta, pero peregrinación da Diocese de Mondoñedo-Ferrol, como tal, non houbo máis desde os tempos de don Jacinto». Os peregrinos, encabezados polo bispo, marcharán o próximo luns, e regresarán o día 24. Viaxan para darlle ao Papa as grazas pola concesión do Ano Santo Rosendiano e, sobre todo, por terlle concedido ao templo de San Martiño, en Foz, que foi catedral ata o século XII e que garda a memoria de prelados como San Gonzalo ou de San Rosén-



Manuel Sánchez Monge, rodeado de fieis en Mondoñedo | PERA LOSADA

do, o título de basílica. Na cidade de Roma, os peregrinos, entre os que se encontrarán desde o vicario xeral, Antonio Rodríguez Basanta, ata laicos moi vencellados á vida diocesá, como Mari Carmen Pernas, mestra de novicios da Orde Terceira de Viveiro, asistirán á audiencia xeral que o Pontífice concederá o día 21. Ademais, asistirán á misa que

Sánchez Monge (que será recibido en audiencia privada polo Pontífice) oficiará nunha das capelas da basílica de San Pedro, é á que o Papa presidirá en San Xoán de Letrán, na que o bispo de Mondoñedo-Ferrol será un dos concelebrantes. O día 23, antes de regresar, rezarán na cidade de Asís. A inscrición para a viaxe pechouse onte.